

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	NEDA
Edificio	Igrexa de Santa María de Neda
Dirección	Avenida de Santa María de Neda, 37. 15510
	43.504346 -8.154649
Protección	
Descricion	<p>Igrexa de planta de cruz latina, con tres corpos rectangulares engadidos, dous ós muros do presbiterio e un terceiro situado no muro meridional da nave. Esta última está dividida en tres treitos: os dous primeiros rectangulares e un terceiro, o correspondente ó cruceiro, cuadrangular. Os muros son de carga e presentan unha cuberta realizada a diferentes augas, segundo cada un dos corpos, con cubrición de tella curva do país.</p> <p>Interiormente, un arco triunfal de medio punto delimita os espazos da nave e o presbiterio, do mesmo xeito que uns arcos semellantes a este dan acceso ás pequenas capelas laterais. O exterior, o edificio presenta un xogo volumétrico no que se ven diferenciados cada un dos seus corpos. Os muros, con excepción do correspondente á fachada principal, presentan un revoco de cemento branqueado, agás os esquinais e recercados de ocos. A decoración concéntrase na fachada principal, de características inscritas no barroco final e que xa presentan un certo sabor a neoclásico. A fachada presenta un sistema pentagonal, con esquinais en resalte e cornixa lixeiramente voada e rematada en pináculos. Está dividida en tres panos, os dous laterais revocados e pintados de branco, mentres que no central se superpoñen unha porta rectangular moldurada, un oco octogonal, unha fornela e unha esvelta torre campanario. Esta última parte dunha base cuadrangular, que interrompe o eixo central da cornixa e posúe unha decoración de aplacados que baixan polo muro. Posúe dous corpos: un primeiro composto por catro machóns que dan lugar ós ocos onde se acubillan as campás, mentres que o segundo está formado por unha sinxela cúpula sobre tambor. O campanario, xunto coa distribución xeral en panos que posúe a fachada, acentúa o efecto de horizontalidade, que se mestura coa simetría xeral que se desprende do conxunto.</p>
Campás	3 campás (2 na torre e 1 na capela lateral).
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET
Data	13-01-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Menor</u>	<u>BLANCO, EMILIO (XUBIA)</u>	1900	75	244
Torre-campanario	<u>Maior</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	2011	80	296
Torre-campanario da capela	<u>Única.</u>	<u>CABRILLO, CASA (SALAMANCA)</u>	1968	60	125

Información completa: [Igrexa de Santa María de Neda - NEDA \(GALICIA\)](#)

PDF (16-06-2026)